DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 22 Mércores, 2 de febreiro de 2022 Páx. 7019

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

RESOLUCIÓN do 19 de xaneiro de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se declaran, con carácter definitivo, as persoas aspirantes admitidas e excluídas, así como as exentas e non exentas do exercicio de lingua galega, no concurso-oposición para o ingreso na categoría de condutor/a, convocado pola Resolución do 18 de xuño de 2021.

Mediante a Resolución do 18 de xuño de 2021 desta dirección xeral (*Diario Oficial de Galicia* núm. 126, do 5 de xullo), convocouse concurso-oposición para o ingreso na categoría de condutor/a.

Mediante a Resolución do 23 de novembro de 2021 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 237, do 13 de decembro), publicouse a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como dos/das exentos/as e non exentos/as da realización do exercicio de lingua galega.

Logo de finalizado o prazo de subsanación previsto na base sexta da resolución de convocatoria, e de conformidade co disposto na citada base, este centro directivo, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Declarar, con carácter definitivo, os/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como os/as exentos/as e non exentos/as da realización do exercicio de lingua galega no concurso-oposición para o ingreso na categoría de condutor/a, convocado mediante a Resolución do 18 de xuño de 2021.

Segundo. As listas coa relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e as declaradas exentas e non exentas da realización do exercicio de lingua galega, poderanse examinar na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a solicitante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

CVE-DOG: oh9oqvh1-3qz1-yzt5-qpb4-fsqgmv3oz2t1

Terceiro. De conformidade coa base 6.3 da Resolución do 18 de xuño de 2021, contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 8.2 e 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con carácter previo, poderán interpoñer recurso de reposición, ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde a mesma data.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos

CVE-DOG: oh9oqvh1-3qz1-yzt5-qpb4-fsqgmv3oz2t1